

O NOSO EQUIPO

Galaria conta cun equipo de profesionais altamente cualificados que son a súa principal fortaleza. O cadro autorizado supera as 150 prazas, aproximadamente 30 delas en Santiago, 7 en Ourense e 120 en Vigo.



LIGAZÓNS DE INTERESE

Cadro persoal autorizado 2026

Oferta Pública de Emprego

Listaxes de contratación de persoal estatutario

Listas de contratación temporal

Únete a nós

Os nosos procesos selectivos para a provisión definitiva de prazas de carácter estatutario atópanse integrados nas [Ofertas Públicas de Emprego](#) do Servizo Galego de Saúde; así mesmo, para as contratacións temporais faise uso das listaxes correspondentes aos [pactos de selección de persoal estatutario](#) vixentes para as distintas categorías.

En canto á contratación de persoal laboral, Galaria selecciona directamente aos seus profesionais, tanto con carácter fixo, coma temporal, por medio da súa propia [lista de contratación temporal](#).

Galaria é unha organización dinámica, centrada no paciente cun enfoque na investigación e innovación constante. Por iso, estamos abertos á realización de prácticas mediante convenios con distintas organizacións e ofrecemos contratos temporais vinculados aos distintos proxectos específicos que se poidan estar a realizar. Consulta a nosa oferta e as [bases dos procesos selectivos abertos](#).